



BASES DO SERVIZO DE CONCILIATARDES-TARDES COA INFANCIA

AREA DA IGUALDADE E DO BENESTAR SOCIAL

Artigo 1. O servizo de **CONCILIATARDES- TARDES COA INFANCIA** é un programa socioeducativo e de lecer de apoio á infancia, co obxectivo de conciliar as responsabilidades familiares, persoais e profesionais ao mesmo tempo que garante a igualdade de oportunidades.

Artigo 2. Obxetivos.

Os obxetivos do servizo son:

- Reforzar a igualdade de oportunidades.
- Promover a integración social dos/as menores en situacións de risco.
- Incrementar os niveis de cobertura das necesidades dos/as menores.
- Desenvolver actividades socioeducativas e de lecer de apoio á infancia.
- Previr situacións de vulnerabilidade e exclusión social nos/as menores.
- Contribuir á mellora das condicións de vida e sociais dos/as menores do noso contorno.
- Favorecer a conciliación da vida familiar e laboral das familias.
- Facilitar o disfrute e a calidade do tempo de lecer dos/as menores

Artigo 3. Destinatarios/as.

O Servizo está dirixido aos nenos e nenas con idades comprendidas entre os 3 e 9 anos de idade empadroados no Concello de Vilagarcía de Arousa.

Artigo 4. Lugar e Data.

Desenvolverase durante os meses de setembro 2010 a xuño de 2011 nun centro educativo pertencente ao Concello de Vilagarcía de Arousa.

Artigo 5. Horario.

O horario establecido será de 15:30 a 21:00 horas, establecendo un tempo de lecer e de merenda, poidendo solicitar xornada parcial (2 horas e media de servizo) ou completa.



Artigo 6. Prazas.

O número de prazas coas que conta o Servizo de Conciliatarde- Tardes coa Infancia é de 30 prazas a horario completo. No caso de haber máis solicitudes que prazas, se accederá ao servizo tendo en conta a orde de puntuación acadada trala baremación.

Resérvanse dúas prazas para dar resposta a urxencias puntuais, trala valoración dos técnicos dos Servizos Sociais.

Artigo 7. Solicitudes e Proceso de Selección.

1. Solicitudes: As familias deberán presentar a ficha de inscrición facilitada no Departamento de Servizos Sociais ou na páxina web do Concello, acompañada da documentación indicada no Anexo I.

As solicitudes deberán ser presentadas no Rexistro Xeral do Concello de Vilagarcía de Arousa.

O prazo de presentación das solicitudes ábrese o día 31 de maio e remata o día 21 de xuño de 2010

2. Proceso de Selección:

O proceso de selección será o seguinte:

- Baremación das solicitudes e documentación por parte da Comisión de Baremación.
- Publicación dunha listaxe provisional de admitidos/as coas puntuacións acadadas antes do 21 de xullo, no taboleiro de anuncios do Concello, do departamento de Servizos Sociais e na páxina web do Concello.
- Presentación de reclamacións ata o 3 de agosto no Rexistro Xeral do Concello.
- Publicación de listaxe definitiva de admitidos/as antes do 13 de agosto no taboleiro de anuncios do Concello, do departamento de Servizos Sociais e na páxina web do Concello.

Artigo 8. Listaxe de agarda.

Publicada a listaxe definitiva dos/das admitidos/as confeccionarase unha listaxe de agarda cos/as solicitantes excluídos, que seguirá a orde que resulte da baremación.

En función das baixas que se produzan na actividade os nenos/as entrarán no servizo seguindo a orde na que figuren na lista.

Artigo 9. Comisión de Baremación.

A Comisión de Baremación estará composta por:



- A Concelleira delegada de Igualdade e Benestar.
- Dous/dúas Técnicos/as do departamento de Servizos Sociais

Artigo 10. Criterios de selección.

A selección fázase en base ó baremo indicado no Anexo II destas bases, valorando a situación de ocupación laboral, sociofamiliar e económica, por parte da Comisión de Baremación.

A valoración técnica dos Servizos Sociais se terá en conta para detectar aspectos sociofamiliares, de redes de apoio e outros recursos das familias que lles permita conciliar a vida familiar e laboral.

Artigo 11. Causas de baixa.

Causaráse baixa no servizo por:

- solicitude dos pais, nais, titores ou representantes legais.
- superar a idade regulamentaria para o servizo.
- incumprimento reiterado das normas.
- non asistencia sen causa xustificada durante un período de 1 semana continuada ou cinco días alternos no período de quince días.
- negativa a aboar a tarifa aplicable pola prestación do servizo.

Artigo 12. Dereitos e Obrigas dos usuarios.

a). Dereitos dos usuarios:

- 1- Acceder ó servizo sen discriminación por razón de nacionalidade, sexo, raza, relixión, ideoloxía ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- 2- Bo trato, por parte do persoal do servizo e dos demais usuarios.
- 3- A confidencialidade sobre os seus datos sanitarios, económicos e sociofamiliares.
- 4- Proporcionarlle a atención socioeducativa precisa para o seu desenvolvemento integral.
- 5- Favorecer a súa participación nas actividades do servizo.

b) Obrigas dos usuarios:

- 1- Cumprir as normas establecidas para o bo funcionamento do servizo, indicadas no Anexo III destas bases.
- 2- Manter unha actitude de respecto e consideración co persoal e cos demais usuarios.



Artigo 13. Cota.

No referente a cota a aboar polos/as usuarios/as:

1. Establécese unha cota mensual por usuario de 50,00 euros a xornada completa ou de 25,00 euros por xornada partida.
2. prazo para efectuar o pago da cota realizaráse nos 5 primeiros días do mes na conta bancaria que a tal efecto fixe o Concello de Vilagarcía de Arousa.
3. As cotas do servizo terán unha redución baseada na renda per cápita familiar mensual referida ao IPREM vixente, tal e como se indica:

R.P.C familiar	Subvención
<i>Inferiores ao 50% do IPREM</i>	100%
<i>Entre o 50 e o 75% do IPREM</i>	50%
<i>Superiores o 75% e inferiores ao 100% do IPREM</i>	25%
<i>Superiores ao 100% do IPREM</i>	0%

4. Aqueles usuarios/as que teñan unha irmá ou irmán no servizo terán unha bonificación engadida do 25% na cota que teñan que aboar polo segundo/a neno/a.

Artigo 14. Seguemento e Avaliación.

O seguemento do servizo realizarase mediante informes mensuais e a comunicación e coordinación co persoal e cos/as usuarios/as do servizo, establecéndose unha avaliación continua do mesmo que deberá reflexarse nunca memoria final.



- 5- Fotocopia de título de familia numerosa
- 6- Certificado de minusvalía ou do grao e nivel de dependencia
- 7- Xustificación de ingresos (declaración da renda (2007), fotocopia nóminas, pensións...)

ANEXO II

BAREMO

Situación sociofamiliar e ocupacional:

- 1- Familias nas que traballen, ou estean en procesos formativos para a integración laboral ámbolos dous proxenitores, e as familias monoparentais que xustifiquen actividade laboral: 3 puntos.
- 2- Familia numerosa: 2 puntos.
- 3- Familia monoparental: 5 puntos.
- 4- Unidades familiares nas que figuren persoas dependentes, enfermas ou con discapacidade: 2 puntos
- 5- Valoración técnica dos servizos sociais : ata 2 puntos

Situación económica:

- 1- En base á RPC mensual da unidade familiar referida ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente:
 - a. Inferior ao 25% do IPREM: 4 puntos.
 - b. Entre o 25% e o 50% do IPREM: 3 puntos.
 - c. Superior ao 50% e inferior ao 75% do IPREM: 2 puntos.
 - d. Entre o 75% e o 100% do IPREM: 1 punto.
 - e. Superior ao 100% e inferior ao 125% do IPREM: -1 punto.
 - f. Entre o 125% e o 150% do IPREM: -2 puntos.
 - g. Superior ao 150% e inferior ao 200% do IPREM: -3 puntos.
 - h. Igual ou superior ao 200% do IPREM: -4 puntos.



ANEXO III

Normas para o bo funcionamento do servizo de CONCILIATARDES-Tardes coa Infancia.

- 1- Ao inicio do servizo os pais/nais titores ou responsables legais deberán cubrir unha ficha de matricula facilitando un teléfono de contacto para o persoal do centro durante a prestación do servizo. Asemesmo, deberán asinar as autorizacións para: asistencia ás actividades do servizo, administración de medicamentos (se fose necesario e indicando horas, dose e receta médica), trasladar ao neno/a en caso de emerxencia, recollida doutra persoa do/a neno/a.
- 2- Os/as nenos /as deberán asistir ao servizo en condicións de hixiene axeitadas.
- 3- No caso de o/a neno/a estea enfermo/a, teña febre, diarrea ou vómitos deberán deixalo/a na casa ata a completa curación.
- 4- Os/as nenas deberán cumprir o horario acordado co servizo. En caso de variación deberá ser comunicado ao servizo.
- 5- En caso de non asistencia ao servizo, deberá ser comunicada e xustificada.
- 6- Os alimentos para a merenda serán aportados polas familias, seguindo unha dieta saudable e equilibrada para os nenos/as.
- 7- En todo momento, primará o bo trato, o respecto e a comunicación axeitada entre as familias, os/as nenos/as, e os técnicos do servizo.



FICHA DE MATRÍCULA

Nome e Apelidos do neno/a:

Teléfono/s de contacto:

OBSERVACIÓNS:

Intolerancias alimentarias e alerxias: _____

Outras: _____

D/Dna: _____ con DNI: _____ e domicilio en: _____ en calidade
de pai /nai/titor/ do/a neno/a
DECLARO que as persoas, maiores
de idade, que teñen a miña autorización para recoller na actividade ao neno/a antes citado son:

D/Dna.: _____, DNI: _____

D/Dna.: _____, DNI: _____

D/Dna.: _____, DNI: _____

D/Dna.: _____, DNI: _____

Asdo:

En Vilagarcía de Arousa, a _____ de _____ de _____



AUTORIZACIONES

D./Dña: _____ con D.N.I.: _____ e domicilio en _____, en calidade de PAI/NAI/TITOR/A do neno/a: _____

AUTORIZO aos monitores do Servizo de para que en caso dunha emerxencia ou porque as circunstancias o fagan aconsellable, poidan **trasladar ao neno/a** antedito en taxi ao centro de saúde, hospital ou ata o seu domicilio.

Vilagarcía de Arousa, _____ de _____ de 2008

Asdo.: _____

D./Dña: _____ con D.N.I.: _____ e domicilio en _____, en calidade de PAI/NAI/TITOR/A do neno/a: _____
Inscrito no servizo de----- da Área da Igualdade e Benestar do Concello de Vilagarcía de Arousa

SOLICITO E AUTORIZO aos monitores da actividade á administración do/s medicamento/s na/s dose/s e no

horario que a continuación se especifica, eximindo de toda responsabilidade ao Concello de Vilagarcía de Arousa e ao monitorado no relacionado coa idoneidade do medicamento.

Medicamento	dose	horario
_____	_____	_____
_____	_____	_____

Asdo.: _____

Vilagarcía de Arousa, _____ de _____ de 200



D./Dna: _____ con D.N.I.: _____
e domicilio en _____, en
calidade de PAI/NAI/TITOR/A do neno/a: _____
Inscrito no servizo de----- da Área da Igualdade e Benestar do Concello de Vilagarcía de Arousa

☐ AUTORIZO
☐ NON AUTORIZO (*)

ao Concello de Vilagarcía de Arousa para que permita a captación de fotografías, a gravación de imaxes e o rexistro de son daqueles eventos organizados polo Concello nos que apareza o neno/a antedito, ben a título individual ou formando parte dun grupo (*)

Asdo.: _____

Vilagarcía de Arousa, _____ de _____ de 200

(*) Para poder descartar as imaxes nas que apareza o neno ou nena precisamos dunha fotografía actual. As imaxes e os sons destinaranse á súa difusión a través de calquera medio de comunicación audiovisual ou impreso así como ao arquivo para a súa utilización en campañas de promoción ou calquera tipo de documento que se publique a instancias do Concello de Vilagarcía de Arousa, mantendo sempre a observancia dos dereitos da infancia e sen desvirtuar en ningún caso o seu significado nin tampouco o contexto no que foron captadas. Consonte ao disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros do de Vilagarcía de Arousa. En calquera momento, poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo por escrito, que presentará no rexistro xeral do Concello.